

ADDENDA AO CONVENIO QUE FOI SUBSCRITO O 13 DE DECEMBRO DE 2021 ENTRE A SECRETARÍA DE ESTADO DE TURISMO, A AXENCIA TURISMO DE GALICIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DE OURENSE, PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN OURENSE TERMAL



10 de decembro de 2025

REUNIDOS

Dunha parte Dna., Secretaria de Estado de Turismo, nomeada por Real Decreto 406/2024, do 16 de abril, actuando de conformidade co previsto no artigo 62.2 g) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e o artigo 5 a) da Orde ICT/111/2021, do 5 de febreiro, pola que se fixan os límites para administrar os créditos para gastos e se delegan determinadas competencias no ámbito do Departamento;

D., director da Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e de acordo coas facultades que lle confire á dirección da Axencia o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio) modificado polo Decreto 16/2025, do 10 de marzo (DOG núm. 51, do 14 de maio), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, en relación co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm.193, do 9 de outubro).

E da outra, D., Presidente da Deputación Provincial de Ourense, elixido en sesión extraordinaria constitutiva celebrada o día 17 de xullo de 2023, actuando en virtude do disposto nos artigos 34.1.b) e 36.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).

As partes comparecen na representación que ostentan das súas respectivas Institucións, recoñecendo de modo recíproco capacidade para formalizar a presente addenda do convenio e, para ese efecto,

EXPOÑEN

1. Que, con data 13 de decembro de 2021 asinouse un convenio entre a Secretaría de Estado de Turismo, a Axencia Turismo de Galicia da Comunidade Autónoma de Galicia e a Deputación de Ourense e foi rexistrado para a súa entrada en vigor no Rexistro Electrónico Estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal (REOICO) o 13 de decembro de 2021 e publicado no "Boletín Oficial do Estado" (BOE/BOE).
2. Que, de conformidade coa cláusula décimo sexta do convenio, a duración prevista do mesmo non poderá exceder de catro anos, sen prexuízo das posibles prórrogas

que puidesen outorgarse, sendo a vixencia inicial do mesmo ata o 13 de decembro de 2025.

3. Que, segundo a cláusula décimo sexta, as partes poden acordar de mutuo acordo e de forma expresa a prórroga e modificación do convenio.
4. Que, realizándose todas as achegas económicas das partes, é vontade destas proceder á prórroga e modificación do convenio. Por iso, con data 24 de marzo de 2025, a Comisión de seguimento, en virtude das cláusulas novena e décimo sexta, acordou, por unanimidade, a modificación do convenio. Conforme a iso, decídese prorrogar o convenio por 4 anos, incluíndose o prazo para a presentación da xustificación das actuacións ao modificar as cláusulas QUINTA, apartado cuarto e SEXTA, apartado cuarto.
5. Que, adicionalmente e en virtude do acordado polas partes na Comisión de seguimento, con data 24 de marzo de 2025, elimínanse as cláusulas QUINTA, apartado terceiro e SEXTA, apartado terceiro, en referencia á esixencia da prestación de depósito ou aval bancario ás entidades locais executantes.
6. Que considerando o estipulado, decídese modificar o anexo de actuacións do convenio. A modificación do anexo final de actuacións non conleva alteración algunha do orzamento total do Plan de Sustentabilidade Turística.

En virtude do que antecede, as partes asinantes acordan subscribir a presente addenda de modificación do mencionado convenio conforme as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto*

A presente addenda ten por obxecto, por unha banda, a prórroga do convenio por un prazo de 4 anos, afectando este a a cláusula DÉCIMO SEXTA, apartado primeiro, que alude ao prazo de vixencia do convenio.

Doutra banda, a modificación das cláusulas QUINTA, apartado cuarto e SEXTA, apartado cuarto, que fan referencia á xustificación das actuacións, para establecer un prazo máximo de 3 meses para presentar a devandita xustificación desde a finalización das actuacións.

Ademais, a supresión das cláusulas QUINTA, apartado terceiro e SEXTA, apartado terceiro, relativas á esixencia de prestación de garantías ás entidades locais executantes.

E finalmente, a modificación do anexo final de actuacións do PST.

Segunda. *Prórroga*

De conformidade co disposto na cláusula décimo sexta, apartado primeiro, do convenio suscrito o día 13 de decembro de 2021, as partes acordan prorrogar por 4 anos a duración do convenio desde a finalización do período inicialmente acordado para a execución das actuacións. A vixencia do convenio incluírá o prazo para a execución das actuacións e o período de xustificación. É dicir, a execución continuará desde o próximo 13 de decembro de 2025 ata o 13 de setembro de 2029 e a xustificación finalizará o 13 de decembro do 2029, incluíndose así o período de execución e xustificación, por un prazo máximo de 3 meses, dentro da vixencia de 4 anos de prórroga. De acordo co anterior, a eficacia xeral do convenio finalizará o 13 de decembro do 2029.

Terceira. *Modificacións*

Para estes efectos, modifícanse as seguintes cláusulas ou apartados do convenio, incluído o seu anexo.

3.1. A cláusula QUINTA do convenio suscrito o 13 de decembro de 2021 queda redactada nos seguintes termos, suprimíndose o apartado terceiro, modificándose o apartado cuarto e permanecendo invariable o resto:

1. As achegas da Secretaría de Estado de Turismo efectuaranse con cargo á aplicación orzamentaria 20.04.432A.763.01 do Orzamento de Gastos da Secretaría de Estado de Turismo para o ano 2021.
2. A Secretaría de Estado de Turismo transferirá o importe da súa achega á entidade local executante, unha vez que o convenio adquira eficacia, como financiamento anticipado das actuacións, conforme ao establecido polo artigo 10 da Real Decreto-lei 25/2020, do 3 de xullo. A achega da primeira anualidade poderá financiar calquera actuación que se realice nos restantes exercicios do convenio. O seu prazo de execución empezará a contar a partir da efectividade da devandita achega ata a finalización da vixencia do convenio.

A entidade local autoriza á Secretaría de Estado de Turismo a obter de forma directa, para os efectos do presente convenio, a acreditación de que a entidade local atópase ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

3. A xustificación documental da aplicación da totalidade dos fondos correspondentes á Secretaría de Estado de Turismo realizarase dentro dos tres meses seguintes ao termo do prazo de execución das actuacións, mediante a presentación en castelán dos seguintes documentos ante a Secretaría de Estado de Turismo:
 - a) Memoria xeral das actuacións realizadas coa axuda do plan, na que se recolla o grao de cumprimento alcanzado en relación cos obxectivos propostos, así como a previsión da xestión turística do destino unha vez finalizado o Plan de Sustentabilidade Turística en Destino.

- b) Informe conciso por cada actuación.
- c) Informe sobre as repercusións do plan en medios de comunicación.
- d) Informe do Interventor da Deputación de Ourense das obrigacións recoñecidas imputadas a cada actuación.
- e) Certificado do Interventor da Deputación de Ourense no que se faga constar que todas as facturas foron pagadas.
- f) Certificado do Secretario da Deputación de Ourense de que se realizaron as actuacións no que se consignarán os importes executados correspondentes ás mesmas, co visto e prace do Presidente da Comisión de Seguimento.
- g) Acta de peche da Comisión de Seguimento subscripta por todas as partes do convenio no que conste o investimento inicial e a final detallada por actuacións.

No caso de que a execución non alcance o 100% das achegas realizadas, a entidade local procederá á devolución voluntaria dos remanentes en función da achega inicial de cada unha das administracións.

O anterior enténdese sen prexuízo das funcións de control financeiro e de fiscalización das achegas obxecto do presente convenio, que correspondan a outros órganos do Estado (Intervención Xeral do Estado ou Intervención Delegada correspondente e o Tribunal de Contas), polo que en calquera momento se poderán esixir as facturas orixinais ou copias autenticadas conforme á Lei que xustifiquen o investimento realizado.

3.2. A cláusula SEXTA do convenio subscripto o 13 de decembro de 2021 queda redactada nos seguintes termos, suprimíndose o apartado terceiro e permanecendo invariable o resto:

1. As achegas da Axencia Turismo de Galicia poderán efectuarse na primeira anualidade ou no primeiro semestre da segunda ou terceira anualidade segundo o especificado no cadro do financiamento da cláusula cuarta, con cargo á aplicación orzamentaria 05.A 2.761A.760.3, proxecto 2015 00006 dos Orzamentos do exercicio 2021.
2. A Comunidade Autónoma de Galicia transferirá o importe á Deputación de Ourense como financiamento anticipado, conforme ao establecido polo artigo 10 da Real Decreto-Lei 25/2020, do 3 de xullo. A achega poderá financiar as actuacións para realizar nos restantes exercicios do convenio. O prazo de execución das actuacións financiadas coa achega da comunidade autónoma empezará a contar a partir da efectividade da devandita achega ata a finalización do convenio.

A entidade local autoriza á comunidade autónoma a obter de forma directa, para os efectos do presente convenio, a acreditación de que a entidade local se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

3. A xustificación documental da aplicación dos fondos correspondentes á achega da Comunidade Autónoma de Galicia realizarase dentro dos tres meses seguintes ao termo do prazo de execución das actuacións, mediante a presentación en castelán dos seguintes documentos á Axencia Turismo de Galicia:
 - a) Memoria xeral das actuacións realizadas coa axuda do plan, na que se recolla o grao de cumprimento alcanzado en relación cos obxectivos propostos, así como a previsión da xestión turística do destino unha vez finalizado o Plan de Sustentabilidade Turística en Destino.
 - b) Informe conciso por cada actuación.
 - c) Informe sobre as repercusións do plan en medios de comunicación.
 - d) Informe do Interventor da Deputación de Ourense das obrigacións recoñecidas imputadas a cada actuación.
 - e) Informe do Interventor da Deputación de Ourense no que se faga constar que todas as facturas foron pagadas.
 - f) Certificado do Secretario da Deputación de Ourense sobre a realización das actuacións, no que se consignarán os importes executados correspondentes ás mesmas, co visto e prace do Presidente da Comisión de seguimento.
 - g) Acta de peche da Comisión de seguimento suscrito por todas as partes do convenio no que conste o investimento inicial e a final detallada por actuacións.

No caso de que a execución non alcance o 100% das achegas realizadas, a entidade local procederá á devolución voluntaria dos remanentes en función da achega inicial de cada unha das administracións.

Todo o anterior enténdese sen prexuízo do compromiso de facilitar toda a información que lle sexa requirida polos órganos de Intervención e de Control de Contas da Comunidade Autónoma noma no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das achegas obxecto do presente convenio.

3.3. Modificacións que afectan ao anexo de actuacións do Plan de Sustentabilidade Turística en Ourense Termal incluído no convenio do 13 de decembro de 2021:

O anexo do convenio relativo á execución das actuacións do Plan de Sustentabilidade Turística en Ourense Termal queda modificado da seguinte forma:

EIXOS DE ACTUACIÓN	IMPORTE
Eixo 1 Gobernanza colaborativa e intelixencia turística	1.1. Observatorio de Turismo Sostible 1.2. Implantación de SICTED en Vilas Termais 1.3. Plataforma web de experiencias e oficina virtual
SUBTOTAL:	261.598,27 €
Eixo 2 Crecemento sostible	2.1. Eco-barco termal 2.2. Desenvolvemento de dermocosmética e creación de produtos coa imaxe de Ourense Termal
SUBTOTAL:	634.035,80 €
Eixo 3 Transformación competitiva	3.1. Investigación para o fortalecemento do sistema inmune e mellora da calidade de vida 3.2. Captacións e declaracións de utilidade pública como auga mineiro medicinal e mellora de afloramientos 3.3. Programa de formación para o emprendemento e consolidación empresarial
SUBTOTAL	396.996,68 €
Eixo 4 Espazo turístico, empresas e persoas	4.1. Mellora e finalización de infraestruturas 4.2. Mini-parque termal lúdico-pedagóxico
SUBTOTAL:	1.223.761,66 €
Eixo 5 Produto e márketing turístico	5.1. Ensamblaxe de produtos e recursos turísticos 5.2. Roteiro de carreiros termais 5.3. Desenvolvemento do plan de comunicación Ourense Termal 5.4. Redes de cooperación: prescritores estratéxicos para unha maior competitividade. Viaxes de familiarización. Termalismo deportivo e médico.
SUBTOTAL:	582.857,59 €
TOTAL:	3.099.250,00 €

Cuarta. Perfección da addenda

Esta addenda perfeccionarase coa firma das partes e resultará eficaz unha vez rexistrada, no prazo de cinco días hábiles desde a súa formalización, no Rexistro Electrónico Estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal (REOICO), sen prexuízo da súa publicación posterior no "Boletín Oficial do Estado" (BOE/BOE) no prazo de dez días hábiles desde a súa formalización.

Quinta. Subsistencia do resto do convenio

En todo o non estipulado expresamente na presente addenda estarase ao establecido no convenio, o cal as partes expresamente ratifican e do que o presente documento forma parte integrante e inseparable.

E, en proba de conformidade, e para a debida constancia de todo o convido, as partes asinan a presente addenda a un só efecto, nas súas respectivas sedes e nas datas indicadas nas firmas electrónicas.

A Secretaria de Estado de Turismo

O director da Axencia de Turismo de Galicia

Asdo.: Dna.

Asdo.:

O Presidente da Deputación Provincial de Ourense

Asdo.: D.